



BOLETÍN ENERO 2023

APE GALICIA – NOVAS

- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, JOSÉ RAMÓN CALDAS, ASISTE EN FERROL, INVITADO POLO PRESIDENTE DA XUNTA AO ACTO DE PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA GALICIA RETORNA 23-26

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ ENTRAN EN VIGOR AS NOVAS CUOTAS POR RENDEMENTO NETO DE TRABALLADORE AUTÓNOMOS
- ✓ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA A CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DO PROGRAMA IMPACTO AUTONOMO 2023, PUBLICADAS NO DOG O 4 DE XANEIRO, DIRIXIDAS A PERSOAS AUTONOMAS DADAS DE ALTA NO RETA OU RÉXIME DO MAR, CUMPRINDO DETERMINADOS REQUISITOS
- ✓ A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A CONVOCATORIA DE DUAS NOVAS LIÑAS DE APOIOS PARA O TRABALLO AUTÓNOMO NO IMPULSO DOS NEGOCIOS: O BONO AUTÓNOMO E O PROGRMA SEMPRE AUTÓNOMO PARA QUEN INICIE A SÚA ACTIVIDADE
- ✓ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA O PLAN GALICIA EMPREGA PARA INCENTIVAR A CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS CON DIFICULTADES DE REINSERCIÓN LABORAL

APE GALICIA - NOVAS

❖ O PRESIDENTE DE APE GALICIA ASISTE AO ACTO AO ACTO DE PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA GALICIA RETORNA 23-26



O presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, asistiu ao acto de PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA GALICIA RETORNA 23-26 en Ferrol e invitado polo Presidente da Xunta de Galicia.

No acto Alfonso Rueda adiantou que a Xunta destinará 4 M€ para que máis de 400 galegas e galegos no exterior retonen a Galicia cun contrato indefinido na man.

Esta iniciativa que xa foi posta en marcha no ano 2018 tivo gran acollida e ten os seus piares no dereito a retornar, na loita contra o despoboamento e a competitividade.

❖ OS ALUMNOS DO CURSO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS VISITAN AS INSTALACIÓNS DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA

O 25 de Xaneiro os alumnos do Certificado de Profesionalidade de Organización e Xestión de Almacéns visitaron o Porto de Marín para coñecerr in situ a organización dalgunha das empresas que desenvolven a súa actividade no recinto portuario.



Foron recibidos polo Presidente da Autoriad Portuaria, D. Jose Benito Suarez Costa e visitaron tamén o Grupo Nogar onde os alumnos puideron comprobar os distintos procesos de distribución e funcionamento das súas empresas, engadindo así valor aos coñecementos que os alumnos levan adquirindo desde o pasado mes de novembro e sendo esta unha fonte de motivación xa que poden coñecer mais de preto a realidade do seu futuro profesional.



Esta formación financiada pola Xunta de Galicia continúa durante todo o mes de Xaneiro en horario de 15 a 20 horas na Sede de APE Galicia en Pontevedra.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ ENTRAN EN VIGOR AS NOVAS CUOTAS POR RENDEMENTO NETO DE TRABALLADORE AUTÓNOMOS

Durante este mes de Xaneiro ponse en marcha o novo sistema de cotización pra autónomos. Ata o 28 de febreiro os autónomos poderán solicitar á Seguridade Social a base de cotización mensual que se axuste ós rendementos netos que esperan obter de promedio mensual ó longo do 2023. Estes cambios xurdirán efecto o 1 de marzo.

Xunto á solicitude deberán comunicar o importe del rendementos que esperan obter a través do portal import@ss

No mes de setembro abrirase un novo periodo para comunicar un último cambio con efecto no ano 2023, de base de cotización que estaría en vigor en novembro.

Por último e de cara ó 2024, en novembro poderá comunicarse un cambio de base de cotización.

Accediendo a [import@ss](#) poderase facer simulación destas cotas por rendementos netos.

E consultar as tablas de rendementos e bases de cotización aprobadas para o ano 2023 e como calcular os rendementos netos.

❖ PROGRAMA IMPACTO AUTONOMO 2023

O 4 de Xaneiro o Diario Oficial de Galicia publica as bases da convocatoria da primeira edición da iniciativa Programa Impacto Autónomo, que conta cun investimento de 30 millóns de euros e ofrece axudas directas a persoas autónomas de entre 800 e 1500 euros para minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas e dos subministros como os enerxéticos, que veñen a afectar e condicionar a actividade económica das persoas traballadoras por conta propia e microempresas.

Estes apoios van dirixidos a persoas autónomas dadas de ata no RETA ou Rexime do Mar, incluídas societarias e microempresas de ata 10 traballadores e mutualistas que terán que presentar Rendementos netos mínimos de 10.000€ e máximos del 30.000 no último exercicio pechado.

XUNTA DE GALICIA
PROGRAMA IMPACTO AUTÓNOMO - 2023

TR890A

Axuda ás persoas traballadoras autónomas e microempresas para facer fronte á situación económica xerada pola suba dos custos en materias primas e subministracións, que afectan e condicionan a súa actividade económica

Prazo aberto do 9 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2023

Orzamento 30.000.000 €

Persoas beneficiarias

- As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA, no Réxime de Traballadores do Mar por conta propia ou as persoas mutualistas cuns rendementos netos por actividades económicas no 2021 entre 10.000€ e un máximo de 30.000€.
- As persoas traballadoras autónomas de tempada de alta ou situación asimilada no momento da presentación da solicitude e que teñan estado de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses no 2021 e no 2022.
- As microempresas, sociedades de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís, cunha facturación no 2021 entre 50.000€ e 750.000€.

As persoas autónomas que sexan, a súa vez, autónomas societarias só poderán presentar unha solicitude.

Requisitos das persoas e entidades beneficiarias

- Estar de alta ou en situación asimilada, mínimo 6 meses ininterrompidos antes da publicación desta axuda no RETA ou mutualidade correspondente.
- Ter domicilio fiscal en Galicia.
- No caso das persoas traballadoras autónomas ou mutualistas, ter declarados uns rendementos netos entre 10.000€ e 30.000€ no ano 2021.
- No caso de empresas, comunidades de bens ou sociedades civís, ter declarada unha facturación non superior aos 750.000€ no 2021.
- No caso de contar cun establecemento fijo aberto ao público, mantelo aberto durante os 6 meses posteriores á publicación desta convocatoria.

Máis información: oficinadoautonomo.gal 900 815 600

❖ CONVOCATORIA DE DUAS NOVAS LIÑAS DE APOIOS PARA O TRABALLO AUTÓNOMO NO IMPULSO DOS NEGOCIOS: O BONO AUTÓNOMO E O PROGRAMA SEMPRE AUTÓNOMO PARA QUEN INICIE A SÚA ACTIVIDADE

A mediados do mes de Xaneiro a Xunta de Galicia anunciou a convocatoria de dúas novas liñas de apoios para o traballo autónomo no impulso dos seus negocios:

- Promoción do emprego autónomo
- Bono Autónomo

Serán achegas para quen inicie a súa actividade de entre 2000 e 4000 euros que poderán verse incrementadas en caso de mulleres, maiores de 45 anos ou negocios no rural

E tamén a posta en marcha do Bono Autónomo con achegas de ata 3000€ para apoiar ata a 3500 profesionais.

❖ POSTA EN MARCHA DO PLAN GALICIA EMPREGA PARA INCENTIVAR A CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS CON DIFICULTADES DE REINSERCIÓN LABORAL

A Xunta de Galicia pon en marcha o Plan Galicia Emprega co obxectivo de incentivar o traballo na empresa e lograr inserir no mercado laboral a 2.200 persoas desempregadas de distintos colectivos, aos que se suma como novidade unha liña específica para inmigrantes retornados.

Poderán ser entidades beneficiarias as persoas autónomas que realicen contratacións por conta allea e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia. Inclúense tamén as entidades sin ánimo de lucro, os centros especiais de emprego (excepto para facer contratos con persoas con discapacidade) e as empresas de inserción laboral (excepto para facer contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social).

As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2 % de traballadores.

As persoas contratadas terán que ser persoas desempregadas que cumpran algunha destas condicións:

- Persoa nova: a persoa contratada ten que ter menos de 30 anos.
- Persoa maior de 55 anos.
- Emigrante retornado.
- Muller.
- Parado de Longa Duración: aquela que na data da súa contratación por conta allea estea sen traballo e acredite un período de inscrición como persoa desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación.
- Persoa discapacitada ou en risco de exclusión: a persoa terá que ter máis dun 33 % de discapacidade. A consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social será para as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativa da devandita situación social.

As contratacións das persoas desempregadas que encaixan nalgún dos grupos anteriores teñen que realizarse entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia

O prazo para a presentación das solicitudes destas axudas comeza o 1 de febreiro e rematará o 29 de setembro de 2023.

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/



Para mais información, visita as nosas webs:

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

